



CONCELLO
DE
MEIRA

C. I. F. P - 2702900 H

R. E. L. 01270291

Praza do Concello, s/n

Tel. 982 330 102

27240 MEIRA (Lugo)

**DNA. PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA
ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de xuño de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

4º.- APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DUN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE MEIRA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO.-

Vistas as bases do convenio formalizado polo concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Fomento do Emprego" para o exercicio 2018

Vista a necesidade de contratar a un peón de servizos múltiples polo período de un ano, cun contrato en réxime temporal de xornada completa.-

Redactadas as bases que rexerán o proceso selectivo para a contratación deste traballador, de acordo con dito convenio.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros presentes, sendo catro o número que legalmente a constitúe, e en votación ordinaria, **ACORDOU:**

Primeiro: prestar aprobación ás bases que rexerán o proceso selectivo para a contratación de un peón de servizos múltiples e que a continuación se transcriben:

"BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DE DUN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE MEIRA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a contratación en réxime laboral temporal dun peón de servizos múltiples do concello de Meira, de acordo as bases do convenio formalizado polo concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Fomento do Emprego" polo que se achega ao concello de Meira a cantidade de 21.798,52 € para o exercicio 2018.

O proceso selectivo será o sistema de concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro (en adiante TRLEBEP).

II. DURACIÓN DO CONTRATO

A contratación laboral terá unha duración dun ano e que está comprendido entre o día 1 de setembro do 2018 ao 31 de agosto do 2019.

A prestación da xornada de traballo farase a xornada completa.

III. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- *Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.*

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP:

- 1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
 - 2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.*
 - 3.- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Graduado Escolar ou equivalente.*
 - 4.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.*
 - 5.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado.*
- No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- 6.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
 - 7.- Estar en posesión do carnet de conducir B.*
 - 8.- Estar en situación de desemprego ou mellora de emprego (para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada).*

V. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do concello de Meira.

Xunto coa solicitude débense achegar copias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso de méritos.

Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- 1.-Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.*

2.-Fotocopia do Título Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.

3.-Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Meira ou nos lugares habilitados aos efectos, acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Meira.

Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

VI. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Contra esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de tres días naturais desde a súa publicación nos medios establecidos no parágrafo anterior.

No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma listaxe definitiva de aspirantes.

2.-As reclamacións presentadas no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina web municipal.

3.-No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse na páxina web do Concello e no Taboleiro de edictos da Corporación.

VII. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLEBP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario ou persoal laboral que se designe pola Alcaldía-Presidencia, xunto co seu suplente.
- 3 vogais (funcionarios ou persoal laboral) designados pola Alcaldía-Presidencia xunto cos seus suplentes.
- Secretario: o da Corporación ou quen lle substitúa.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes).

En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen legalmente os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

VIII. PROCESO SELECTIVO

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas prácticas determinadas polo tribunal cualificador.

CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E FAMILIARES: PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS.

-Ser muller: 1 punto.

-Ter máis de 45 anos: 1 punto.

-Antigüidade como demandante de emprego inscrito na Oficina Pública de Emprego: 0,05 puntos por mes ata un máximo de 2 puntos.

-Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/da solicitante, o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de 30 anos, ou persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: 2 puntos.

Os dous últimos criterios acreditaranse respectivamente mediante o certificado ou documentación acreditativa expedida pola oficina pública de emprego e o certificado do Padrón municipal de habitantes do concello onde resida, respectivamente.

VALORACIÓN DE MÉRITOS. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS.

Méritos que se valorarán:

1.-Experiencia profesional en postos de traballo de peón de servizos múltiples. Ata un máximo de 4 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de peón, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral: 0,10 puntos.

Non se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos de traballo, no caso de servizos prestados en empresas privadas.

Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

2.-Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte escala:

- a) Por cada curso de ata 10 horas lectivas: 0,10 puntos.
- b) Por cada curso de 11 a 30 horas lectivas: 0,20 puntos.
- c) Por cada curso de 31 a 50 horas lectivas: 0,30 puntos.
- d) Por cada curso de 51 a 100 horas lectivas: 0,40 puntos.
- e) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.
- f) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,75 puntos

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 20 PUNTOS.

A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón de servizos múltiples do concello de Meira.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 20 puntos sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

IX. RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 20 puntos.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello, e elevará dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos que superaron a fase de oposición.

X. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden a maior puntuación será proposta polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello.

A estes efectos, terá un prazo máximo de cinco días naturais para presentar a seguinte documentación orixinal ou compulsada:

- DNI
- Título esixido na convocatoria
- Certificado médico que acredite a capacidade para o desenvolvemento das tarefas
- Certificado do número de conta bancaria

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.

XI. IMPUGNACIÓN

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello."

MODELO DE INSTANCIA.

D. con D.N.I. num.....e con domicilio en....., nº..... piso..... C.P. Tfno.:

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Meira, para a contratación dun peón de servizos múltiples en réxime de persoal temporal, de acordo ás bases publicadas no Taboleiro de anuncios e na páxina web, que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas Bases, e comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado,

SOLICITA: Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

Fotocopia do D.N.I.

Fotocopia do título esixido nas bases da convocatoria (graduado escolar ou equivalente).

Documentos acreditativos ou fotocopias, dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.

Meira a de de 2018

Asdo.

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a..... con DNI....., e enderezo en....., de conformidade co previsto na base cuarta para a contratación laboral dun peón de servizos múltiples do concello de Meira:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- B) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- C) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

Meira, a de de 2018

Asdo:

Segundo: remitir á Deputación Provincial de Lugo, aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, copia das bases do proceso para dar publicidade na páxina web institucional.-

Terceiro: publicar a meritadas bases no taboiro de anuncios e na páxina web do Concello de Meira.-

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, que firmo

Meira, 18 de xuño de 2018

Vº e Prace



A Secretaria accidental



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax.: 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 6 de agosto de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DE UN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO, DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xuño de 2018, prestouse aprobación ás bases que rexerán o proceso selectivo para a contratación en réxime laboral dun peón de Servizos Múltiples do Concello de Meira, polo sistema de concurso oposición.

A dita contratación realizarase ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego, de acordo coas bases do convenio formalizado polo concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego.

As citadas bases foron obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Meira, así como na páxina web institucional da Deputación Provincial de Lugo, o día 16 de xullo do 2018.

Logo de transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, do 17 ao 26 de xullo de 2018, non presentou solicitude ningún candidato, non podendo cubrirse o posto de peón de servizos múltiples.

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN AO OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

- O previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Así mesmo, e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:
 - Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax.: 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Tendo en conta que as circunstancias que motivaron a convocatoria referida seguen vixentes e que subsiste a necesidade de contar cun traballador municipal que asuma funcións de peón de Servizos Múltiples.

Tomando en consideración todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, e en votación ordinaria,

ACORDA:

Primeiro - Volver a convocar un proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun “Peón de Servizos Múltiples” para o Concello de Meira, ao abeiro do programa de fomento de Emprego do Plan Único, e abrir o prazo de presentación de instancias de 10 días naturais a contar dende a publicación do presente acordo desta nova convocatoria, na páxina web e taboleiro de edictos do Concello, así como na páxina web institucional da Deputación Provincial de Lugo, dende o **8 ao 17 de agosto de 2018**.

Segundo - Establecer que as bases que rexerán o procedemento selectivo, para a selección dun peón de Servizos Múltiples, para prestar servizos como persoal laboral temporal do Concello de Meira ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego, son as xa publicadas na páxina web do Concello de Meira o **16 de xullo de 2018** para a anterior convocatoria de selección deste mesmo emprego.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, que firmo en Meira a 6 de agosto de 2018

Visto e prace
O alcalde
Antonio de Dios Álvarez